

RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN DECRETO 139/2024: CONVOCATORIAS PRAZAS TEMPO DE LECER.

EXPEDIENTE: 2024/S012/000002

ANTECEDENTES:

Pola Alcaldía ditouse con data 8 de maio de 2024, Decreto nº 139 relativo á actividade Tempo de Lecer 2024 polo que se aprobaba a convocatoria de preinscrición de solicitude de prazas, así como os criterios e bases para a adxudicación das mesmas.

Pola ANPA na reunión celebrada o 15/05/2024 advírtese da reclamación que van levar a cabo contra os criterios de prioridade (punto sexto do Decreto), ao consideralos contrarios co establecido no Regulamento do Servizo Corcubión Concilia (BOP núm.: 134 do 20.08.2020),

Atendendo a dita reclamación e unha vez estudada pola Secretaría, infórmase da comisión dun erro no punto Sexto ao ser contrario na súa interpretación ao establecido no Regulamento.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Proceder a modificación do punto SEXTO do Decreto de Alcaldía nº 139/2024 que quedará como segue:

“SEXTO: Os criterios de prioridade serán os establecidos nos Artigos 13 e 14 do Regulamento do Servizo Corcubión Concilia (BOP núm.: 134 do 20.08.2020)”

SEGUNDO: Publicar na Web e na Sede Electrónica municipal, así como dar traslado aos departamento afectados e ao pleno da Corporación.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Ana María Reyes Cambre, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).